

NEGREIRA**ANUNCIO**

Aprobación definitiva do Regulamento de protección do medio natural, de limpeza pública e de recollida de lixo

Con data de 2 de outubro de 2008 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 publicouse anuncio de aprobación inicial do Regulamento de Protección do Medio Ambiente, de Limpeza Pública e de Recollida de Lixo.

Considerando que durante o correspondente prazo non se presentaron reclamacións nin suxerencias, considérase aprobado definitivamente, publicándose a continuación, de xeito íntegro o referido Regulamento.

REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, DE LIMPEZA PÚBLICA E DE RECOLLIDA DE LIXO

Este Regulamento dítase en virtude das facultades concedidas pola Lei do Parlamento de Galicia 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos, a Lei do Parlamento de Galicia 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases e a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

CAPÍTULO I**DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 1.- Obxecto.-**

Este Regulamento ten por obxecto a regulación:

- a) Das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos.
- b) Da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos, do seu transporte ó vertedoiro público e, de se-lo caso, do seu tratamento.
- c) Do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.
- d) De medidas de protección do medio ambiente natural e urbano.

Artigo 2.- Definición.-

Teñen a condición de refugallos ou lixos sólidos urbanos calquera substancia ou obxecto de que o/a seu/súa posuidor/a se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de desprenderse. Poden ser das seguintes clases:

- a) Residuos de orixe doméstica.
- b) Residuos xerados en comercios, oficinas e servizos.
- c) Residuos procedentes da limpeza viaria, de zonas verdes e de áreas recreativas.
- d) Residuos procedentes de , mercados, feiras, festas, acampadas e outras actividades semellantes.
- e) Mobles, utensilios e automóviles esbotados; e entullos de construcións e de obras menores de reparación domiciliaria.

Artigo 3.- Limpeza de vías e espazos públicos.-

A limpeza da rede viaria e dos espazos públicos e a recollida do lixo que se orixine neles realizaraas o Concello directamente ou, se procede, a través das empresas xestoras deses servizos públicos.

Artigo 4.- Limpeza de inmobles e espazos privados.-

1.- A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles ós/ás seus/súas donos/as.

2.- Os/as titulares e os/as ocupantes dos inmobles urbanos deberán manter sempre limpos os patios de luces, os de cuarteiróns e as outras áreas comúns.

Artigo 5.- Prohibicións.-

1.- Está totalmente prohibido:

- a) Botar ó chan das vías e dos espazos públicos calquera clase de lixo.
- b) Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedentes da limpeza de locais e vivendas.
- c) Botar nas papeleiras líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes.
- d) Pór en colectores destinados á recollida selectiva materiais ou lixo distintos dos previstos.
- e) Fedellar nos colectores e papeleiras ou manipulalas, ou realizar calquera acto que supoña o seu estrago ou deterioración.

2.- Sen prexuízo das penas ou sancións que procedan, os que causen danos nas papeleiras e colectores públicos deberán indemnizarllos ó Concello. A indemnización será determinada e esixida por vía administrativa.

Artigo 6.- Prohibicións.-

Tamén está prohibido realiza-las seguintes actividades:

- a) Lavar, limpar e amañar automóviles, e cambiarlle o aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.
- b) Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento na vía pública ou desde unha fiestra, balcón ou terraza que dea sobre ela.
- c) Pór tendedeiras ou tendais de roupa nos ocos das fachadas exteriores dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.
- d) Pór tarros de plantas ou outros elementos nos ocos dos edificios con risco de caída sobre a vía pública.

Artigo 7.- Limitacións da publicidade na vía pública e nos equipamentos públicos.-

1.- Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o repartimento ou lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e espazos públicos ou en calquera cousa ou obxecto que non sexa nos buzóns interiores dos edificios ou vivendas.

2.- Tampouco está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten pegar, prender ou pendurar carteis, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e no equipamento urbano (por exemplo: en farolas, bancos, marquesiñas, árbores, etc.). A tal efecto o Concello habilitará espazos para a colocación da propaganda ou publicidade.

3.- Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os/as que promovan ou xestionen aqueles actos, e, na falta deles, as persoas ou entidades a prol das que se faga a publicidade.

4.- Exceptúanse das disposicións contidas nos apartados 1 e 2 anteriores:

- a) Os actos que constitúan propaganda electoral nos períodos e lugares sinalados conforme á lei.

b) Aquelas outras actividades que polo seu especial relevo político ou polo interese público e xeral implicado requieran a realización daquelas formas de publicidade. Nestes casos será necesaria a autorización expresa do Concello.

Artigo 8.- Obrigas dos/as titulares de establecementos.-

1.- Os establecementos permanentes ou de tempada, os ocasionais e os desmontables situados en vías ou espazos públicos están obrigados a manter sempre limpo o lugar no que desenvolvan as súas actividades e mailo seu contorno.

2.- Esa obriga tamén lles incumbe ós/as titulares de cafés, bares e outros establecementos públicos en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como en canto á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3.- Os/as titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes (como librerías, quioscos, tendas de alimentación, farmacias, etc...) porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os/as usuarios/as destes non os boten á vía pública.

Artigo 9.- Carga e descarga de automóviles.-

1.- Cando se fagan operacións de carga e descarga de calquera automóbil que estea situado nunha vía ou espazo público, os/as interesados/as deberán limpa-las beirarrúas e calzadas que lixen como consecuencia deses traballos.

2.- Están obrigados/as ó cumprimento do que dispón o apartado anterior os/as donos/as dos automóviles; as persoas que fagan os traballos de transporte, carga e descarga; e, subsidiariamente, os/as titulares dos establecementos ou inmobles implicados nas operacións sinaladas.

Artigo 10.- Circulación de automóviles.-

1.- Os/as titulares e conductores/as de automóviles que levan calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública están obrigados a toma-las medidas necesarias para evitalo e, se é o caso, a recollelos materiais que se desprendan e a limpar o área afectada.

2.- Cando os automóviles de transporte saian de lugares en obras e vaian circular por vías urbanas, deberán limpar as rodas e baixos para que non lixen as rúas.

Artigo 11.- Obrigas dos posuidores de animais.-

As persoas que leven cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, aparte de mantelos atados, deben impedir que lixen os xardíns e lugares destinados ó tránsito; de se da-lo caso, deben recoller de xeito inmediato os restos que deixen.

CAPÍTULO II

LIMPEZA DE TERREOS E EDIFICIOS

Artigo 12.- Obrigas dos/as donos/as de terreos e inmobles particulares.-

1.- Os/as donos/as de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos sempre limpos e en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.

Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obriga recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

2.- O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio Concello e a cargo do obrigado, ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300,00 a 6.000,00 euros, reiterables ata logra-la execución das obras ou traballos ordenados.

3.- O incumprimento do deber regulado neste artigo suporá a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable.

Artigo 13.- Limpeza de elementos lindeiros coa vía pública.-

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesinas, toldos ou calquera outro elemento dun inmoble lindeiro coa rúa, deberanse adopta-las precaucións necesarias para non molesta-los/as usuarios/as da vía pública nin lixar ésta.

Artigo 14.- Limitacións en materia de publicidade.-

Coa finalidade de preservar o medio ambiente natural e urbano nas condicións estéticas axeitadas, prohíbese a colocación de publicidade visible dende as zonas de dominio público das estradas e camiños, agás nos treitos urbanos e cando se obteña a correspondente licenza municipal, consonte á normativa urbanística aplicable.

CAPÍTULO III

RECOLLIDA LIXO

Artigo 15.- Servizo de titularidade local.-

1.- O Concello e a Mancomunidade de Concellos do Tambre, da que aquel fai parte, dentro dos seus respectivos ámbitos de competencia no relativo ó tipo e clase de lixo a recoller e xestionar, ben de xeito directo ou a través de empresas concesionarias, realizarán a recollida e transporte de lixos sólidos domiciliarios e semellantes cos itinerarios, frecuencia e horarios que se determinen, ós que se lles dará publicidade para o seu coñecemento polos/as veciños/as, especialmente cando se produzan modificacións.

2.- Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización previa do Concello.

Artigo 16.- Disposición do lixo para a súa recollida.-

1.- Os/as produtores/as e posuidores/as de lixos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinala o Concello en atención á natureza dos refugallos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.

2.- O Concello adquirirá a propiedade do lixo desde a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma de prestación do servizo.

3.- Nas áreas, lugares ou barrios onde a recollida se faga mediante colectores de titularidade pública é obrigatorio usalos con coidado sendo responsabilidade dos/as usuarios/as a súa deterioración por culpa ou negligencia. Todo o anterior sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica das mesmas, que realizarán os servizos municipais.

4.- Os/as usuarios/as deberán dispoñer sempre do lixo mediante bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, mesmo cando utilicen os colectores.

Artigo 17.- Obriga de adquisición e uso de colector normalizado.-

O Concello, por medio dunha norma regulamentaria ou de Resolución de Alcaldía, poderá obrigar ós establecementos comerciais ou industriais e ás comunidades de propietarios que reúnan determinadas características a adquiriren e a utilizaren colectores normalizados para o depósito do seu lixo.

Artigo 18.- Danos e perdas derivados do lixo.-

Os/as produtores/as e posuidores/as de lixos sólidos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos e perdas que se poidan derivar deles, sempre que cumplan as normas reguladoras do seu depósito e entrega.

Artigo 19.- Lixos tóxicos e perigosos.-

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixiráselle ó/a produtor/a deles que lles dea o tratamento que ordena a normativa especial aplicable a esa clase de refugallo.

Artigo 20.- Depósito e recollida selectiva do lixo.-

1.- O Concello poderá dispor que en todo o territorio municipal, ou en parte del, se depositen por separado en recipientes especiais os lixos susceptibles de distintos tratamentos ou aproveitamentos, como cartóns, latas, vidro, metais, plásticos e outros.

2.- O Concello programará campañas de concienciación cidadá coa finalidade de responsabiliza-los/as veciños/as sobre o impacto ecolóxico do consumo, produción e tratamento de lixos.

Artigo 21.- Horario e condicións de depósito de lixo.-

1.- A colocación de recipientes na vía pública ou o depósito nos colectores non se poderá facer fora do horario sinalado en cada caso por Resolución da Alcaldía.

2.- Os colectores de lixo particulares deberanse pór onda o edificio ou local que os use co obxecto de evitarlles prexuízos e molestias ós/ás outros/as veciños/as.

CAPÍTULO IV

LIXOS ESPECIAIS

Artigo.- 22.- Definición de lixos industriais.-

Terán a consideración de lixos industriais especiais os que polas súas características non sexan inertes ou semellantes ós lixos urbanos e, en xeral, os que supoñan un risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente.

Artigo 23.- Obrigas dos/as produtores/as e posuidores/as de lixos industriais.-

1.- Os/as produtores/as ou posuidores/as de lixos industriais especiais están obrigados/as a adoptar as medidas precisas para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación e, se é o caso, aproveitamento deles se faga sen risco para as persoas e o medio ambiente.

2.- Estes lixos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade ou eliminados na forma que legalmente corresponda segundo a súa natureza.

Artigo 24.- Xestión de lixos industriais.-

A xestión dos lixos de orixe industrial que teñan a consideración legal de tóxicos ou perigosos deberase facer a través dunha empresa debidamente autorizada e de conformidade coas disposicións da normativa sectorial correspondente.

Artigo 25.- Cascallo e entullos extraordinarios.-

1.- Prohíbese pór nos recipientes normalizados destinados a lixos domiciliarios os cascillos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias en cantidade superior a 0,1 m³.

2.- Tampouco se poderán pór nas vías e espazos públicos os entullos de calquera clase de obras de construción, reforma, amaño ou derrubamento de edificios ou movemento de terras.

Artigo 26.- Recollida de mobles e electrodomésticos.-

1.- Non se poden pór nas vías e espazos públicos ningunha clase de mobles, electrodomésticos ou obxectos semellantes.

2.- As persoas que desexen que llelos recollan deberán solicitarllo ó servizo municipal correspondente, que lles sinalará o día e hora para a súa retirada.

Artigo 27.- Automóbiles abandonados.-

1.- Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de automóbil ou restos deles.

2.- Presumirase racionalmente o abandono dun vehículo cando se cumplan as condicións que establece o artigo 71 do RDL 339/1990, de 2 de marzo.

3.- Os servizos municipais retirarán da vía pública os automóbiles ou restos dos mesmos incursos no concepto de abandono ó que se refire o punto anterior previa realización dos trámites prescritos pola mesma disposición legal.

CAPÍTULO V

DEREITO SANCIONADOR

Artigo 28.- Acción pública.-

Calquera persoa poderá denunciar ante o Concello as infraccións contra o presente regulamento e as disposicións específicas sobre a materia.

Artigo 29.- Responsabilidade colectiva e por actos doutra persoa.-

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das disposicións contidas no presente regulamento serán esixibles non soamente por actos propios, senón tamén polos daquelas persoas das que se deba responder.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade seralle atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible de que se trate.

Artigo 30.- Definición e clases de infraccións administrativas.-

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 31.- Procedemento sancionador.-

1.- Para impor unha sanción derivada de infracción moi grave ou grave deberase tramita-lo oportuno expediente sancionador, de conformidade do que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria.

2.- A sanción de faltas leves tamén se imporá dacordo coa normativa sinalada no parágrafo anterior e tramitarase un procedemento abreviado no que se lle dará, en todo caso, audiencia ó/a interesado/a.

Artigo 32.- Infraccións moi graves.-

Constitúen infraccións moi graves:

- 1) A reincidencia na comisión de tres faltas graves no período de dous anos.
- 2) A realización de actividades de recollida, transporte, aproveitamento ou depósito de lixos sen autorización ou licenza.
- 3) A obstrución ou impedimento ó labor inspector do Concello
- 4) Vertido de lixos e refugallos en lugares non autorizados.

Artigo 33.- Infraccións graves.-

Constitúen infraccións graves:

- 1) A reincidencia na comisión de tres faltas leves no período de dous anos.
- 2) A realización de actos de manipulación ou deterioración do equipamento de recollida do lixo.
- 3) A realización de actos de propaganda mediante repartimento ou lanzamento de carteis ou folletos en vías e espazos públicos.
- 4) O incumprimento das normas sobre depósito e retirada de cascallos nas vías públicas.
- 5) A colocación de carteis e a realización de inscricións e pintadas en lugares non permitidos
- 6) O abandono de mobles, ou automóviles nas vías ou nos espazos públicos.

Artigo 34.- Infraccións leves.-

Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como moi grave ou grave.

Artigo 35.- Sancións.-

1.- As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibemento e multa de ata 750,00 euros; as graves, con multa de 750,01 ata 1.500,00 euros; as moi graves con multa de 1.500,01 ata 3.000,00 euros, en base ó establecido polo artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Todo isto sen prexuízo de esixirles ós/ás responsables da infracción, se fose o caso, que realicen os traballos de eliminación e que indemnicen os danos causados.

2.- No caso de reincidencia na infracción do deber contido no artigo 8 deste regulamento, tamén se poderá impo-la sanción de retirada temporal da licenza ou autorización municipal para o funcionamento do servizo de que se trate, ata un máximo dun ano.

Disposición final

Este regulamento que consta de 35 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Negreira, 12 de novembro de 2008.

Juan García Fuentes

Alcalde-Presidente.

OLEIROS

Contratación

ANUNCIO

Adjudicación provisional da obra "Almacén na polideportiva do Valle-Inclán"

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

De conformidade co establecido no art. 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público; dá-selle publicidade á seguinte adxudicación provisional:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) **Organismo.-** Concello de Oleiros
- b) **Dependencia que tramita o expediente.-** Contratación
- c) **Número de expediente.-** 12/2008

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) **Tipo de contrato.-** Contrato de Obras
- b) **Descrición do obxecto.-** "ALMACÉN NA POLIDEPORTIVA DO VALLE-INCLÁN"
- c) **Lotes.-** Indivisión do obxecto do contrato. Non hai lotes
- d) **Boletín Oficial e data de publicación do anuncio de licitación.-** Publicouse un anuncio no Xornal "La Voz de Galicia" o día 3 de novembro do 2008

3. TRAMITACION E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACION

- a) **Tramitación.-** ordinaria
- b) **Procedemento.-** negociado

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACION

- a) **Importe total.-** 83.621,73 euros.

5. ADXUDICACION PROVISIONAL

- a) **Data.-** 26/11/2008
- b) **Contratista.-** "Construeume, S.L"
- c) **Nacionalidade.-** española
- d) **Importe da adxudicación.-** 63.437,17 € mailo 16% IVE que supón 10.149,95 €, o que fai un importe total de 73.587,12 €.

A adxudicación provisional efectuada a favor de "Construeume, S.L.", por Decreto da Alcaldía nº 5112/08 do 26 de novembro, é un acto de trámite cualificado e contra do mesmo poderase interpor potestativamente, no prazo de un mes, o recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución acordando a adxudicación provisional ou, directamente, no prazo de dous meses, o recurso contencioso-administrativo diante dos xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña.

Oleiros, 1 de decembro de 2008

O ALCALDE

Asdo: Angel García Seoane